

A CEBRA CAMILA

Texto de MARISA NÚÑEZ

Ilustracións de ÓSCAR VILLÁN

Encadernado en cartón. 22 x 22 cm. 32 páx. 13 €.

PROGRAMA NACIONAL DE LECTURA (SEP México) 2002

A Cebra Camila (galego)

ISBN 978-84-8464-126-1. Demademora.

La Cebra Camila (castelán)

ISBN 978-84-95123-60-2. Obras de autor. Primeros lectores.

La Zebra Camilla (catalán)

ISBN 978-84-16804-08-5. Obres d'autor. Primers lectors.

Kamila Zebra (éuscaro)

ISBN 978-84-8464-850-5. Autore liburuak. Lehen irakurleak.

A Zebra Camila (portugués)

ISBN 978-972-8781-02-6. Obras de autor. Primeiros leitores.


La Zebra Camilla (italiano)

ISBN 978-88-95933-25-2. Gli albi d'autore.

*Alá no cabo do mundo, no país onde o vento dá a volta,
vivía unha pequena cebra chamada Camila.
Como naquel lugar o vento era tan revirado,
Camila tiña que andar con moito coidado
para non perder as súas vestiduras...*

...Un día, ao saír da casa, o vento bandido levoulle sete raias do seu vestido. Unha araña, unha serpe, o arco da vella e unha chicharra, entre outros animais do bosque, axudaránlle a Camila a esquecer a súa pena. As ilustracións de Óscar Villán son sinxelas e expresivas, adornadas con enxeñosos acenos gráficos para que os pequenos lectores e lectoras busquen máis aló da aparente simplicidade.

“A Cebra Camila” ofrece unha particular visión do paso da nenez a unha certa conciencia do tempo, ao descubrimento do mundo e dos problemas que conleva. O texto, de estrutura encadeada, utiliza os recursos propios dos contos tradicionais: xogos de preguntas e de respostas, rimas e reiteracións, apoiándose nun ton suxestivo e poético.



Camila chorou os SETE chorates polas súas raias.


Logo quedou pasmada, mirando para unha serpe que estaba a mudar a camisa.

-Por que choras? -pregestoulle a serpe.

-Porque o vento bandido me esfarrapou o vestido -contestou ela, salocanda.

-Achegate un pouco. Dareiche un anel para que o poñas nunha pata -díxolle a serpe

(que parecía estar ao tanto de moitas cousas caladas).



■ **Temática:** animais, números e cores.

■ **Idade recomendada:** a partir de 4 anos.

■ **Aspectos destacables:** para contar, sumar e restar os primeiros números; o crecemento, os sentimentos; ilustracións sinxelas e expresivas; do ilustrador de “O coelliño branco” (1º Premio Nacional de Ilustración 1999), “Amora”, “Animais de compañía”, o libro-disco “Canta connosco!”, a colección *Do berce á lúa*, “Juego de letras”, “Un becho extraño”, os libros de relatos “Non hai escapatoria” e “O Rei Oso Branco” (Kalandraka).

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/a-cebra-camila-g>

Marisa Núñez

(Sarria, 1961)

Dende hai anos traballa como profesora de Educación Infantil no Colexio de Hío, Cangas. É escritora e especialista en animación á lectura.

Óscar Villán

(Ourense, 1972)

Licenciado en Belas Artes (especialidade de Pintura). Co seu primeiro traballo de ilustración para público infantil, “O coelliño branco” (KALANDRAKA), recibiu o 1º Premio Nacional de Ilustración 1999. Entre os numerosos libros que ilustrou para diversas editoriais destacan a colección *Do berce á lúa*, “Un becho extraño”, “Juego de letras”, o libro-disco “Canta connosco!”, os álbums “Amora” e “Animais de compañía” e os libros de relatos “O Rei Oso Branco” e “Non hai escapatoria” (KALANDRAKA). Tamén realiza traballos de escultura, fotografía e deseño de carteis. Dirixe a colección de arte *Alfabetos*, de KALANDRAKA.

<https://ovillan.com>

www.**Kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com